



BANDO:

O ALCALDE DO CONCELLO DAS NEVES

FAI SABER

Que debatida e sometida a votación a moción presentada polos Grupos Municipais do PsdG-PSOE e do BNG denominada “*Moción para a mellora da sanidade pública*” ,o Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria celebrada o 14 de xaneiro de 2020, **acordou a aprobación do seguinte:**

ACORDO

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela

SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación

SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

SETIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.





Concello
As Neves

DÉCIMO. Comunicar a presente moción da Corporación Municipal das Neves á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

**Asdo. Electrónicamente. á data que figura na marxe,
O Alcalde-Presidente
Xosé Manuel Rodríguez Méndez**

